

PROGRAMA DE LINGUA GALEGA

- 1. A comunicación lingüística: participantes, mensaxe, código lingüístico.**
- 2. A lingua galega: variedades e lingua estándar.**
- 3. A lingua na sociedade: o galego na historia. A situación da lingua galega na sociedade actual.**
- 4. Fonética e a fonoloxía: vogais e consoantes. A sílaba.**
- 5. Representación gráfica: ortografía. Os signos de puntuación.**
- 6. Clases de palabras: identificación e propiedades de cada clase de palabras.**
- 7. Substantivo e adxectivo: xénero e número. A derivación.**
- 8. Determinantes e pronomes: artigo. Posesivo. Demostrativos. Indefinidos. Pronomes persoais tónicos e átonos. Colocación dos pronomes átonos. Relativos e exclamativos.**
- 9. Verbo: conxugación verbal. Perífrases verbais.**
- 10. Adverbio.**
- 11. Preposicións. Conxuncións.**
- 12. Léxico. A formación de palabras: derivación e composición. Os préstamos. Palabras cultas, semicultas e populares.**
- 13. Sintaxe: oracións simples e complexas.**
- 14. Texto: tipos de texto. A estrutura do texto. Coherencia e cohesión. Procedementos de cohesión textual. Texto e contexto. Comentario e interpretación de textos. A produción de textos escritos.**

OBXECTIVOS

Esta materia ten por obxectivo valorar a competencia lingüística pasiva e activa en galego dos alumnos e alumnas, así como o seu coñecemento dos elementos e conceptos fundamentais do código lingüístico.

A determinación da competencia lingüística efectuarase de maneira práctica, e non se realizarán preguntas teóricas.

ESTRUTURA E CONTIDO DA PROBA

En primeiro lugar presentarase un texto, preferentemente de carácter divulgativo ou argumentativo, no que se traten temas de interese xeral ou da

actualidade, aínda que tamén poderán utilizarse textos ou fragmentos de textos literarios.

Sobre este texto realizaranse unha serie de cuestións que requirirán a comprensión do contido e da estrutura do texto, a elaboración dun comentario crítico fundamentado nas ideas expresadas no texto proposto e o coñecemento das formas e estruturas básicas (ortografía, fonética, gramática e léxico) da lingua galega. Estas cuestións As cuestións organízanse en tres seccións, cada unha delas dirixida a un centro de interese.

A) Competencia pasiva (comprensión). Esta parte trata de avaliar a capacidade de comprensión da lingua escrita, e nela o alumno ou alumna deberá mostrar unha correcta e adecuada comprensión do contido do texto e da súa estrutura, así como das palabras e expresións que contén.

A comprensión do significado das palabras e expresións do texto poderá mostrarse explicando o seu significado, achegando sinónimos ou realizando outros exercicios de carácter práctico.

A correcta comprensión do contido debe permitir, por unha parte, o recoñecemento do tema do texto, así coma das ideas principais e secundarias presentes nel, e en segundo lugar a elaboración dun breve resumo, que debe dar conta, de maneira breve e sintética, pero tamén fiel e exacta, do contido. Valorarase principalmente a claridade de comprensión da estruturación do texto e a axeitada distinción entre ideas principais, ideas secundarias, exemplificacións e elementos anecdóticos. Tamén se terá en conta a concisión e a claridade na exposición.

Para valorar esta parte, no exame incluíranse dúas preguntas. Nunha delas poderase pedir a explicación do significado de palabras ou expresións do texto, sinónimos e antónimos, variantes de expresión, ou algunha outra cuestión práctica que permita mostrar que o alumno coñece o significado e o valor desa palabra ou expresión. A segunda tratará de aspectos da estrutura e do contido do texto: ideas principais e ideas secundarias (que poden presentarse en forma de esquema), tema do texto, explicación da súa estrutura ou un breve resumo. A esta parte correspóndenlle 3 puntos.

B) Competencia activa (expresión). Nesta parte os alumnos deben demostrar a súa capacidade de expresión organizada e razoada de ideas. Para iso elaborarán un xuízo crítico do texto como conxunto, poñendo en relación os aspectos máis relevantes deste cos coñecementos, ideas e experiencias propias, de maneira que mostren a súa competencia para producir un texto escrito que dea conta de maneira correcta e eficaz das ideas que pretende expresar, nunha composición organizada e cunha expresión lingüística rica, precisa e correcta.

No comentario someteranse a xuízo crítico as ideas do texto e a súa intención, evitando as paráfrases, resumos ou a repetición do seu contido. Búscase que os alumnos realicen unha avaliación crítica desas ideas, expoñendo os seus argumentos de maneira organizada e coherente, e utilizando para iso os seus coñecementos e experiencias. Neste punto, valorarase a organización do texto, a presentación de argumentos relevantes e correctamente expostos (evitando basearse en anécdotas irrelevantes), así coma a utilización dos recursos lingüísticos apropiados e correctos

(deben evitarse, por tanto, expresións coloquiais inadecuadas para a lingua escrita formal).

É recomendable elaborar un guión no que se ordenen e escalen as ideas que se queren expoñer, de xeito que antes de iniciar a redacción estea claro o papel e o lugar que van ocupar finalmente no comentario. Evitaranse así repeticións innecesarias e conseguírase un maior grao de organización e de eficacia.

Na pregunta do exame, poderá indicárselle ao alumno unha orientación determinada para o comentario. A este comentario correspóndelle 4 puntos..

C) Coñecemento da lingua. Esta sección do exame está dedicada a avaliar o coñecemento das formas e estruturas da lingua galega. Para iso faranse unha ou dúas preguntas en que se pedirá a explicación de aspectos gramaticais do texto (identificación de clases de palabras, aspectos morfolóxicos como xénero e número, derivación, conxugación verbal, aspectos sintácticos, ortografía e puntuación, etc.) . A súa valoración será de 3 puntos.

Dado que se trata dun exame que ten entre os seus obxectivos o de mostrar a competencia lingüística escrita dos alumnos, exíxese corrección lingüística (ortográfica, gramatical e léxica), evitando castelanismos, dialectalismos ou variantes coloquiais, así como adecuación do nivel e estilo de lingua utilizado (lingua escrita formal), evitando os coloquialismos. As faltas de lingua restarán puntuación.

BIBLIOGRAFÍA DE APOIO

Son de utilidade para este nivel os libros de texto elaborados por diferentes editoriais para a materia *Lingua Galega e Literatura* do bacharelato. Neles abórdanse tanto as actividades de análise e comentario de texto coma de reflexión e estudo do código lingüístico. Tamén se deben consultar obras de referencia (gramáticas e dicionarios, fundamentalmente), de entre as cales recomendamos:

Gramáticas e obras de prescrición ortográfica e morfolóxica

Álvarez, R.; X. L. Regueira & X. H. Monteagudo (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

Álvarez, R. & X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Freixeiro Mato, R. (1998-2000): *Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía. II. Morfosintaxe. III. Semántica*. 3 vols. Vigo: A Nosa Terra.

Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega (2004): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. 19º ed. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega.

Dicionarios

Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG / Vigo: Xerais / Galaxia.

Carballeira Anllo, X. M. (dir.) (2004): *Diccionario Xerais da lingua*. 2a ed. Vigo: Xerais.